

Na reunión do Grupo de Turismo, conformado polo Concello de Verín e os axentes socioeconómicos do sector, xurdiu a idea de desenvolver unha serie de iniciativas turísticas como son as Rutas Gastronómicas.

Mediante a creación dun pasaporte, que se selará en cada establecemento, ofertaríanse tapas diferentes en cada un deles, maridadas cos caldos da Denominación de Orixe Monterrei. O obxectivo sería crear, polo menos, dúas rutas:

-

Ruta de tapas e repostería na zona antiga (San Lázaro, rúa Muralla, praza da Alameda, rúas Amaro Refojo, Maior e Lisa).

-

Ruta de tapas e repostería na zona nova (rúas Montemaior, Colón, Deputación, Irmáns Moreno, Juan Guerra Valdés, Luis Espada e avenida de Sousas).

Esta iniciativa non está dirixida, exclusivamente, a restaurantes, senón tamén a cafeterías, pastelerías e bares que ofrezan estes produtos. Por este motivo, desde o ente local invítase a unha reunión, a todos os interesados en participar, que terá lugar o día 17 de xuño, ás 17.30 horas, na Cada do Concello. Para iso, rógase inscribirse na Axencia de Promoción Económica, situada no primeiro piso da casa consistorial, no mail

adl@verin.net ou no teléfono 988-410000, ata o martes 17 ás 12 horas.